

AER ESTÁ A FAVOR DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS PERO REXEITA A FORMA EN QUE OS EXECUTA ESTE GOBERNO

AER esixiu a retirada da partida dos orzamentos participativos do ano 2019 para pór de manifesto o seu rexeitamento á xestión que o goberno de Javier Bas fixo deste instrumento.

No ano 2011, despois de debater unha moción presentada por AER, o pleno aprobou por unanimidade que unha porcentaxe do orzamento de investimento do Concello fose decidido directamente pola veciñanza.

Na práctica, os orzamentos participativos en Redondela nunca funcionaron por culpa da desidia do goberno do PP. Por iso AER apostou por retiralos para que a idea sexa retomada mediante a elaboración dun regulamento consensuado.

Por que decidimos eliminar unha iniciativa que nós mesmos promovemos?

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) quere aclarar que está a favor dos orzamentos participativos. Tendo en conta a filosofía de AER, sería difícil de entender unha postura en contra dun dos mellores instrumentos que, en teoría, pode ter a veciñanza poda facer política de xeito directo.

O problema é que en Redondela, a pesar de que os orzamentos participativos foron aprobados no pleno por unanimidade en outubro do 2011, o goberno de Javier Bas nunca puxo en marcha os recursos necesarios para que este instrumento funcionara, dun xeito minimamente aceptable.

Acordo do pleno en 2011 e incumprimento do Goberno Local.

No pleno do 27 de outubro de 2011 aprobouse por unanimidade (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) unha moción de Esquerda Unida, presentada por AER, e na que se acordou:

- *Celebración dunhas xornadas de formación para as asociacións e veciñanza sobre o funcionamento, características e elaboración do orzamento municipal.*
- *Creación dunha oficina de orzamentos participativos.*
- *Poñer a disposición dos orzamentos participativos unha porcentaxe (cada exercicio sería fixada por acordo do Grupos no momento de aprobar os orzamentos) do orzamento de investimentos do Concello para que a veciñanza decida onde debe gastarse.*
- *Encamiñar a participación a través dos Consellos Parroquiais, unha vez que estes comezaran a funcionar.*

Durante estes anos, este acordo foi aplicado de xeito moi parcial, xa que os dous primeiros puntos nunca se chegaron a executar. A consecuencia real foi que o concepto de orzamentos participativos a día de hoxe siga sendo descoñecido para gran parte da veciñanza Redondela e, noutros casos, mesmo nos propios consellos parroquiais, non se teña claro en que consisten exactamente estes orzamentos participativos.

Os orzamentos participativos puxéronse en marcha mesmo sen chegarse a elaborar unha bases específicas que definisen e establecesen o marco de aplicación, polo que o grado de subxectividade na súa aplicación é importante.

O pleno en 2015 rexeita unha moción por ¡2 votos en contra! e ¡17 abstencións!

Para corrixir as deficiencias apuntadas (e que eran compartidas polos restantes grupos da oposición), AER enviou unha moción ao pleno celebrado o 22 de marzo de 2015, cun único punto no acordo: *“Elaboración dunhas bases específicas sobre orzamentos participativos contando coas aportacións e suxestións da veciñanza e de mutuo acordo dos grupos políticos”*.

Dita moción foi rexeitada por dous votos en contra (BNG), un voto a favor (AER) e dezasete abstencións (9 do PP e 8 do PsdeG-PSOE).

AER, a prol de retirar os orzamentos participativos ata que se regulen axeitadamente

No acordo de aprobación dos orzamentos 2018, unha das condicións que puxo AER foi eliminar a partida dos orzamentos participativos. A explicación está en que, dende 2011, os participativos estanse a aplicar dun xeito perverso, corrompendo e desvirtuando a súa finalidade.

A motivación de AER foi optar por acabar con esa traxectoria e forzar que se consensúe un regulamento de orzamentos participativos, para despois aprobalo en pleno e volver recuperar a partida correspondente para o ano 2019; iso si, cun marco normativo claro e ben definido.

Comportamento de cada grupo político: ¿coherencia?

AER sempre defendeu a existencia dos orzamentos participativos. Levou a iniciativa política para que fosen unha realidade a partir do 2011 e, durante todo este tempo, loitou e loitou para que se executasen de xeito correcto.

Nestes anos, os demais grupos da oposición sempre coincidiron con AER na crítica ao funcionamento dos orzamentos participativos no Concello de Redondela. Tanto nos plenos como en diversos Consellos Parroquiais, aínda que nunca fixeron propostas en positivo para modificalos, sempre compartían con AER que non estaban funcionando axeitadamente. Reiteraron no pleno esas críticas, esa falta de propostas pero no último pleno... ¡votaron en contra de retiralos!

Redondela, a 15 de febreiro de 2019